

SEMANA EUROPEA DA SEGURIDADE E A SAÚDE NO TRABALLO

24 AO 28 DE OUTUBRO

¡NON AO RUÍDO!

O ruído e a prevención da perda auditiva

A punto de entrar en vigor, en febreiro de 2006, a nova Directiva europea sobre o ruído no traballo, xente experta, técnica e sindicalistas de toda Europa tratan de sensibilizar a todas as traballadoras e traballadores en como reducir o ruído nos lugares de traballo e evitar deste xeito problemas de saúde.

Mira o logo e mensaxe da campaña:

http://ew2005.osha.eu.int/logoandslogan/banner_ew2005_es.swf

A AXENCIA EUROPEA PARA A SEGURIDADE E A SAÚDE NO TRABALLO

proponnos visitar uns cantos LINKS para saber algo máis sobre os riscos que conleva o ruído nos lugares de traballo.

Para isto proponche unha serie de arquivos de audio que debes escoitar con atención en diferentes intensidades sonoras e así experimentar o que se sente ao perder o sentido do oído.

Para ler os arquivos cómpre determinado software no teu equipo. Se non o tes non poderás acceder a eles. Están en diversos idiomas, pero como do que se trata é de escoitar e non de entender, pois da o mesmo:

- ? Podes probar un [audímetro](#) comparando as intensidades de son de distintos obxectos comúns. Telo en inglés:

http://www.cdc.gov/niosh/topics/noise/about/flash/soundMeter_flash.html

- ? Valorar o efeto da distorsión do ruído nunha [conversación o un concerto de Vivaldi](#), primeiro en condicións normais e despois en situación de ruído distorsionador e en francés:

http://www.suva.ch/fr/home/suvaliv/kampagnen/kampagnen_safer_sound/safer_sound_g_ehoerschaden.htm

- ? Podes probar a quedarte pouco a pouco sen oído experimentando esa [sensación](#) debido á perda de audición provocada por ruído no traballo. Pódelo experimentar en inglés:

<http://www.hse.gov.uk/noise/demonstration.htm>

STEG

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galicia